


UNIDADE DIDÁCTICA

# CARVALHO CALERO PARA O ENSINO PRIMARIO

LAURA GARCÍA DÍAZ



 AGAL

CARVALHO 20  
CALERO 20

## LIMIAR



O Dia das Letras Galegas 2020 está dedicado a Ricardo Carvalho Calero. Historiador da literatura, crítico literario, filólogo, lingüista e escritor. Foi o primeiro Catedrático de Lingua e Literatura Galega e membro da Real Academia Galega. Defendía que o que se entende normalmente como “galego” e “portugués” se trata na realidade de dúas variantes da mesma lingua e que, por tanto, o galego debe adoptar o sistema ortográfico portugués.

Esta unidade didáctica pretende aproximar a figura de Carvalho Calero dos alumnos e alumnas do Ensino Infantil e Primario para coñecer aspectos biográficos e da súa proposta ortográfica.

## OBXECTIVOS

- Coñecer aspectos da biografía de Ricardo Carvalho Calero.
- Familiarizarse coa proposta ortográfica do homenaxeado.
- Participar activamente nas actividades.

## CONTIDOS

- Aspectos da biografía de Carvalho Calero.
- Exemplos de vocabulario galego-portugués.
- Actividades lúdicas.

## ACTIVIDADES

### INFANTIL E PRIMARIO

#### VIDA E OBRA DO HOMENAXEADO.

Como actividade introductoria, visionamento dun trailer sobre a biografía de Carvalho Calero.

<https://youtu.be/O2qH1QMOGNs>

#### MOSAICO CARVALHO CON ROSTROS DE ALUMN@S E DO CORPO DOCENTE

Como actividade para dinamizar, formar a cara do homenaxeado coas fotografías dos alumnos, alumnas profesores e profesoras do Centro Educativo.

#### NOME CORPORAL.

#### COMPOR O NOME E OS APELIDOS DO AUTOR CO CORPO.

Por equipos ou pares, @s alun@s deben construír as letras co seu corpo sobre o chan. Pódese fotografar para mostrar o resultado.

## 3º CICLO DO PRIMARIO

### PROPOSTA CARVALHO

Procurar as descrições de produtos de casa: alimentos, instrucións... no idioma máis parecido co galego (cal é?). Ler nas aulas e localizar semellanzas e diferenzas.

### JOGOS NO SITE EDUCAPLAY.COM

Pódense realizar no teléfono móbil, na tablet, no cadro dixital ou no computador:

#### RULETA DE PALABRAS

(5º e 6º de Primaria)

Proba de coñecementos sobre a vida e a obra de Carvalho Calero.

Link: <http://ir.gl/a78cea>

#### ISTO TAMÉN É GALEGO

OUTRA FORMA DE ESCRIBIR A TÚA LINGUA

(3º, 4º, 5º e 6º do Primaria)

Asocia a palabra coa imaxen correspondente. Así é como se escribe o galego en países como o Brasil, Portugal ou Angola. Esta é a proposta que defendía Ricardo Carvalho Calero.

Link: <http://ir.gl/19b8b5>

#### DITO POR CARVALHO

(4º do Primaria)

Ordena as palabras e forma a frase orixinal.

Link: <http://ir.gl/554b>

#### SOPA DAS LETRAS GALEGAS

(3º e 4º de Primaria)

Procura vocabulario relacionado coas Letras Galegas 2020 e o seu homenaxeado.

Link: <http://ir.gl/902b7b>

#### MEMORY

(1º e 2º do Primaria)

Procura as imaxes iguais do homenaxeado nas Letras Galegas 2020.

Link: <http://ir.gl/dde>

#### MEMORY

(Infantil)

Memory do homenaxeado para alumnos e alumnas do Ensino Infantil.

Link: <http://ir.gl/017997>

#### VOCES E IMAXES

(ouvimos a gravación - Infantil e 1º de Primaria)

Asocia a voz coa imaxen correspondente.

Link: <http://ir.gl/4ecd8f>

**Autoría:** Laura García Díaz

**Coordenada por:** Teresa Crisanta V. Pilhado & Eduardo Maragoto

**Diagramada por:** Uxio Outeiro

Este material didáctico contou co apoio da Consellería de Cultura e Turismo e da Deputación da Coruña.